

BANDO INFORMATIVO

PROGRAMA DE TURISMO DO IMSERSO TEMPORADA 2021 - 2022

LUIS REY VILLAVERDE, ALCALDE do Concello de Oroso

INFORMA da apertura do prazo de presentación de solicitudes de participación no Programa de Turismo do IMSERSO Temporada 2021-2022

OBXECTO: Viaxes para contribuír ao benestar das Persoas Maiores, co obxecto que poidan gozar de vacacións, nas seguintes modalidades:

- Estancias en zonas costeiras peninsulares e insulares, para descanso e relax.
- Turismo de interior para realizar circuitos culturais, turismo de natureza, viaxes a cidades de interese artístico e cultural.

SERVIZOS QUE SE OFRECEN:

- Viaxe de ida e volta no medio de transporte programado, desde a capital de provincia ou aeroporto ou localidade que se fixe como punto de saída, ata o hotel de destino e regreso, excepto na modalidade de viaxes sen transporte.
- Aloxamento en réxime de pensión completa, en habitación dobre a compartir en hoteis seleccionados polo IMSERSO. Contéplase a posibilidade de aloxamento en habitación individual, que terá un suplemento no prezo e estará suxeito a dispoñibilidade de prazas.
- Póliza de seguros colectiva.
- Servizo médico, complementario da Seguridade Social, no propio hotel.
- Programa de animación.

As quendas de Turismo na Natureza, Circuitos Culturais, viaxes a Capitais de Provincia e Cidades de Ceuta e Melilla, dadas as súas especiais características, non inclúen nin o servizo médico complementario nin o programa de animación. As viaxes a Capitais de Provincia serán en réxime de media pensión e sen transporte.

REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS:

Poderán participar no Programa de Turismo do IMSERSO as persoas residentes en España que reúnan un dos seguintes requisitos:

- a) Ser pensionista de xubilación do sistema público español de pensións
- b) Ser pensionista de viudedade con 55 ou máis anos de idade
- c) Ser pensionista por outros conceptos, ou perceptor de prestacións ou subsidios de desemprego, con 60 ou máis anos de idade
- d) Ser titular ou beneficiario do sistema da Seguridade Social con 65 ou máis anos de idade
- e) Ser emigrante retornado a España e pensionista do sistema público de Seguridade Social do país do que retornase

Poden participar co seu cónxuxe, parella de feito ou unión estable sen necesidade de que estes reúnan os requisitos de idade ou pensión. Tamén poderán participar os/as fillos/as con discapacidade, cun grao igual ou superior ao 45%, sempre e cando esta discapacidade lles permita viaxar e o fagan cos seus país compartindo con eles habitación ou, no seu caso, aboen o suplemento establecido para habitacións dobres de uso individual que estará suxeito á dispoñibilidade de prazas. En todo caso, as persoas solicitantes deberán valerse por si mesmas.

PAZO DE PRESENTACIÓN: ata o 30 de xullo de 2021

MÁIS INFORMACIÓN: Departamento de Servizos Sociais do Concello, rúa do Deporte 5-7 baixo, Sigüeiro, Oroso. CITA PREVIA no teléfono 981 688 950.

O Alcalde, Luis Rey Villaverde.
Oroso, 5 de xullo de 2021.